



EXAME PARA PROCESO SELECCIÓN DE OFICIAL DE SERVIZOS DE AUGA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS 2024

Lembre que as súas respostas ás preguntas debe realizalas na folia de respostas que se lle entrega. Este exercicio consiste nun cuestionario de 40 preguntas con respostas alternativas, 3 opcións de resposta. Conta cun tempo máximo dunha hora. A puntuación será de 0 a 40 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 20 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 1. As preguntas incorrectas, restarán 0,10 e as non contestadas ou en branco non restarán. Ese exercicio consta de 5 preguntas de reserva que tamén deberá contestar

1. O artigo 35 da Constitución Española recolle o dereito e o deber a:

- Todos os españois teñen o deber a traballar e o dereito ao traballo.
- Teñen dereito a unha indumentaria axeitada para desenvolver as funcións laborais.
- Teñen dereito ao pago do desprazamento ao posto de traballo.

2. Segundo o artigo 137 da Constitución Española o estado organízase territorialmente en:

- Exclusivamente en Comunidades Autónomas
- Municipios, provincias e Comunidades Autónomas
- Só en provincias.

3. Segundo artigo número 26 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local todos os Municipios deberán prestar, os servizos seguintes:

- Abastecemento domiciliario de auga potable.
- Recollida de residuos
- Ambas son correctas

4. Segundo artigo 15 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local a poboación dun municipio a constitúe:

- As persoas que teñen unha vivenda en propiedade
- O conxunto de persoas inscritas no Padrón Municipal
- Aquelas persoas que están matriculadas nos centros de ensino do concello.

5. Segundo artigo 12 da Constitución Española, os españois son maiores de idade cando cumpren os:

- 21 anos
- 16 anos
- 18 anos

6. Cantas Deputacións hai en Galicia?

- 7
- 8
- 4



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

7. En qué ano aprobouse o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a. 2024
- b. 2010
- c. 1981

8. Segundo artigo 21.1 da da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, o presidente ou presidenta da Corporación Local é:

- a. Un concelleiro
- b. O alcalde ou alcaldesa
- c. O secretario ou secretaria xeral do municipio

9. Segundo artigo 20 punto 1 a) do capítulo II da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local. A organización municipal resposta á seguinte regra:

- a. O Alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en tódolos Concellos.
- b. O Alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen nos Concellos maiores de 10:000 habitantes
- c. O Alcalde, os tenentes de aicalde e o Pleno existen só en Concellos con máis de seis parroquias

10. O abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais é una competencia municipal segundo a Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local?

- a. Si
- b. Non
- c. Só para concellos maiores de 50.000 habitantes

11. Que nome recibe a rúa onde se atopa o colexio O Areal de Camariñas?

- a. Rúa Pizarro
- b. Avenida da Coruña
- c. Avenida Alcalde Juan Bautista Santos Ramos.

12. Que nome recibe a praza onde se atopa a Casa Consistorial do Concello de Camariñas?

- a. Praza do Medio.
- b. Praza da Insuela.
- c. Praza de san Xurxo.

13. A Lei de Prevención de Riscos Laborais establece os principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais para:

- a. A protección da seguridade e a saúde, eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo.
- b. A información, a consulta, a participación equilibrada e a formación dos e das traballadoras en materia preventiva.
- c. As resposta a e b son correctas



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

14. Segundo o artigo 5 do Real Decreto 3/2023 considérase auga de consumo salubre, cando:

- a. Esta libre de microorganismo, nunha cantidade ou concentración que poda supoñer un risco para saúde humana.
- b. Esta libre de parásito ou substancia, nunha cantidade ou concentración que poda supoñer un risco para saúde humana.
- c. Ambas son correctas.

15. O obxectivo da desinfección no tratamento da auga potable é:

- a. A eliminación dos organismos patóxenos que poida levar a auga garantindo sanitariamente o seu consumo.
- b. A eliminación das partículas sólidas en suspensión
- c. A diminución da turbidez, cor e sabor da auga

16. Se queremos regular a velocidade do motor eléctrico que acciona unha bomba dunha estación de bombeo de auga potable, podemos instalar no cadro de control un:

- a. Arrancador estático
- b. Relé de alternancia
- c. Variador de frecuencia

17. Pozo do rexistro é aquel que:

- a. Permite o acceso ao interior do sumidoiro para a súa inspección e mantemento.
- b. Evita a entrada de gases e olores procedentes da rede pública de sumidoiro.
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

18. As fontes públicas e as ornamentais deben ter periodicamente uns tratamentos e unha especial vixilancia que evite a transmisión de::

- a. Salmonelose
- b. Nucleose.
- c. Lexionelose.

19. Unha presión de 2.5Kg/cm2 medida na acometida dun inmobile é aproximadamente equivalente, medida en metros de columna de auga (m.c.a) a:

- a. 15 m.c.a.
- b. 25 m.c.a.
- c. 40 m.c.a.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

20. Unha pulgada mide:

- a. 2,54 mm.
- b. 255 mm.
- c. 25,4 mm.

21. Un conduto subterráneo de trazado, sensiblemente perpendicular ao eixo dunha rúa que serve para transportar as augas residuais ou pluviais desde un edificio ou imbornal á rede pública de sumidoiro se denomina:

- a. Rede de saneamento
- b. Afectados
- c. Colector emisario

22. Un mantemento preventivo da rede de saneamento pode consistir en:

- a. Unha limpeza da rede de saneamento executada con posterioridade á aparición dunha incidencia
- b. Executar un pozo de rexistro despois de producirse un tapón na rede de saneamento
- c. Unha limpeza periódica da rede de saneamento e demais compoñentes.

23. Para as tubaxes metálicas e as de PVC empregadas en abastecementos utilízanse habitualmente :

- a. Xuntas Gibault.
- b. Xuntas automáticas
- c. Xuntas por soldadura

24. Nas conexións ás tubaxes dunha rede de auga, as unións brida/brida son:

- a. Elásticas e facilitan o desmonte das pezas.
- b. Ríxidas e dificultan o desmonte das pezas.
- c. Ríxidas e facilitan o desmonte das pezas.

25. Nun sistema de abastecemento de auga, cando a captación da auga procede de correntes superficiais requírase unha instalación de tratamento. Aplícase este requirimento tamén cando se trata de augas subterráneas?:

- a. Si
- b. Depende do tipo de manancial do que proceda
- c. Estará exenta de tratamento a auga procedente de mananciais de montaña.

26. En función do rango, Como clasificaríamos as distintas condicións que forman parte da rede de distribución?

- a. Condución primaria e secundaria.
- b. Rede xeral e rede local de distribución.
- c. Rede de transporte, rede arterial, rede secundaria e acometidas.



27. Que se coñece como rede secundaria?

- a. É a rede que subministra da rede primaria á rede terciaria.
- b. É o conxunto de tubaxes e elementos que se conectan á rede arterial e das que derivan, se é o caso, as acometidas para as subministracións.
- c. Rede secundaria é o conxunto de tubaxes que nos permiten elevar a presión ata as persoas usuarias finais

28. No referente a instalacións de fontanaría. Que é unha acometida?

- a. É a canalización que une a rede de abastecemento xeral coas vivendas.
- b. Son as tubaxes e outros elementos que unen a rede secundaria coa instalación interior do inmoble que se pretende abastecer
- c. Son as canalizacións individuais de cada edificio.

29. A que se denomina rede ramificada?

- a. Ás que teñen só unha ramificación.
- b. Ás que teñen entre unha e dez ramificacións.
- c. É aquela que vai unindo os diferentes puntos de consumo cunha única tubaxe.

30. Que é unha rede mallada?

- a. É a que vai formando cuadrículas, conseguíndose así que en cada punto de consumo teña máis dunha vía de fluxo.
- b. Aquelas redes de distribución que teñen forma de cuadrícula e só un punto de toma ramificados.
- c. Aquelas redes de distribución que teñen forma de cuadrícula e múltiples puntos de toma ramificados.

31. Cal é o conxunto total de elementos que integran unha rede de distribución de auga?

- a. Tubaxes, depósitos, elevadores e elementos de corte e control.
- b. As tubaxes, os depósitos e as canles de regadío.
- c. Tubaxes, canles e contadores xerais.

32. A que chamamos depósito de toma dunha acometida de auga?

- a. Ao elemento que se coloca sobre a tubaxe da rede secundaria e do cal deriva o ramal de acometida.
- b. É o elemento que se coloca na rede principal para derivar o contador.
- c. Chámase así ao dispositivo automático que se ensambla as tomas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

33. Que é unha instalación interior de subministración de auga?

- O conxunto de tubaxes e os seus elementos de control. Manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro.
- É un tipo de instalacións que se acomete polo interior de canalizacións realizadas para o efecto
- É o conxunto de tubaxes, elementos de control e manobra anteriores á chave de rexistro.

34. A instalación xeral comunitaria:

- Está constituída polas tubaxes e elementos que enlazan a chave de risco co conxunto de medida.
- É unha instalación que une, a acometida xeral e a instalación particular de subministración.
- Está constituída polas tubaxes e elementos que enlazan a acometida xeral e a chave de rexistros.

35. As tubaxes de auga con respecto de calquera canalización ou elemento que conteña dispositivos eléctricos ou electrónicos, así como calquera rede de telecomunicación, deberá ir:

- Por riba e gardando unha distancia de 60cm.
- Por unha parede diferente para non concorrer en posibles accidentes de orixe eléctrica.
- Por debaixo e gardando unha distancia en paralelo de polo menos 30cm.

36. O cálculo das bombas nun grupo de bombeo de tipo convencional farase en función dos seguintes parámetros:?

- Do caudal e as presións de arrincada da/s bomba/s (mínima e máxima respectivamente)
- Da presión de acometida e as dimensións dos tubos.
- As bombas dun grupo convencional son estándar.

37. Para o depósito de presión do sistema de sobreelevación. Que criterios se utilizarán para adoptar o valor para a presión máxima?

- Un valor que permita o enchemento do depósito ao 100% do seu volume e o seus máximo aproveitamento.
- Un valor que limite o número de arrincadas e paradas do grupo de bombeo, de forma que se prolongue o máis posible a vida útil deste
- Un valor que permita os arrinques e paradas do grupo de bombeo coas mínimas flutuacións de presión.



38. Os tramos da rede de subministración ara alimentación a derivación particular como vivenda, apartamento, local comercial, dimensionaranse cun diámetro mínimos de alimentación de:

- a. $\frac{3}{4}$ " para tubo de aceiro e de 20mm para tubo de cobre ou plástico.
- b. 1-1 $\frac{1}{2}$ " para tubo de aceiro e de 25-40mm para tubo de cobre ou plástico.
- c. $\frac{3}{8}$ " para tubo de cobre e 15mm para tubo de plástico.

39. Se temos unha tubaxe esmaltada e desexamos realizar un apriete. Que tipo de chave debemos utilizar?

- a. Chave de tubo.
- b. Chave inglesa.
- c. Chave de correa.

40. Que é un mantemento preventivo?

- a. Un conxunto de técnicas que ten como finalidade diminuír e/ou evitar as reparacións con tal de asegurar a súa total dispoñibilidade e rendemento polo menor custe posible.
- b. É aquel no que só se intervén no equipo despois do seu fallo.
- c. Son técnicas de mantemento que se aplican cando os equipos están estropeados.



PREGUNTAS DE RESERVA

1. A biblioteca municipal do Concello de Camariñas está sita en:

- a. Praza de Insuela.
- b. Rúa Pinzón.
- c. Avenida da Coruña.

2. As ordenanzas municipais son aprobadas por:

- a. O alcalde/sa
- b. A Xunta de Goberno Local
- c. O Pleno do Concello

3. Que é un mantemento correctivo:

- a. Un conxunto de técnicas que ten como finalidade diminuír e/ou evitar as reparacións con tal de asegurar a súa total dispoñibilidade e rendemento polo menor custe posible.
- b. É aquel no que só se intervén no equipo despois do seu fallo.
- c. Ningunha das respostas anteriores son correctas.

4. Cal é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio na mellora delas?

- a. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- b. A Inspección de traballo e Seguridade Social
- c. A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no traballo.

5. Que Real Decreto establece uns criterios hixiénicos sanitarios para a prevención e control da lexionelose?

- a. O RD 487/2022
- b. O RD698/2017
- c. O RD 865/2003